

RESUMO

1. **Isidro Parga Pondal** nado en Laxe en 1900. Estuda o bacharelato en Santiago. En 1924 incorporase como membro ao Seminario de Estudos Galegos . destacan os seus estudos sobre as rochas eruptivas e metamórficas e os minerais metálicos e industriais que supuxeron un desenvolvemento importante no sector xeolóxico mineiro de Galiza, e os estudos da xeoloxía das terras de Melide e de Lalín.

2. **O Laboratorio Xeolóxico de Laxe** é una Institución científica galega que foi fundada polo Profesor Isidro Parga Pondal en 1940 poucos anos despois da súa expulsión da Universidade de Santiago, ao comezo da guerra civil española . Dende entón a súa actividade está adicada ao estudo da xeoloxía de Galiza e do Hercínico Peninsular Ibérico.

3. **Guillermo Schulz**, enxeñeiro de minas de orixe alemán, é autor do primeiro mapa xeolóxico. Da súa obra científico-minera cabe destacar : *Descripción geognóstica del Reino de Galicia* (1835), que senta as bases non só para o desenvolvemento do coñecemento xeolóxico e Mineiro posterior senón por descubrir os primeiros fósiles do Paleozoico en Galiza (*invertebrados e plantas en lousas entre Mondoñedo e Ribadeo*), fósiles que son das primeiras referencias para o Macizo Hespérico , e caracterizou os grandes conxuntos litolóxicos Galegos, cartografaounos e ordenounos cronoloxicamente.

4. Etapas da evolución xeolóxica de Galiza :

- **Etapas oceánica.** Abarcaría dende o Precámbrico ate mediados do Paleozoico. Galicia, xunto con todo o que logo será o macizo Hercínico da Península, era unha zona de sedimentación **mariña** , nun marxe continental en principio activo (no precámbrico) e logo pasivo (do cámbrico ao silúrico) , con plataforma e talude
- **Etapas Oroxénica: Oroxenia Hercínica.** Nos períodos Devónico e Carbonífero (408-285 millóns de anos) destaca especialmente a Oroxenia Hercínica, que se produce a consecuencia da colisión de todos os fragmentos continentais existentes (en especial as masas continentais Laurasia e Gondwana) para formar un único supercontinente Pangea II. Presenta tres fases, a. primeira fase pertencen os pregues de Mondoñedo e do Courel e a unidade de Ollo de sapo”.
- **Etapas de arrasamento.** Comezaría a final do Paleozoico , e prolongase en todo o Mesozoico ate que o oróxeno hercínico queda convertido nunha penichaira, os montes elevados son erosionados durante millóns de anos. Nesta época prodúcese.
- **Etapas de Reactivación Alpina.** A codia hercínica galega comportase de maneira pasiva dende finais do Carbonífero ate o presente. As unidades básicas da oroxenia hercínica mantéñense no tempo e unicamente se ven afectadas por procesos de facturación, formación do relevo e sedimentación superficial. A oroxenia alpina dáse no Terciario , sendo moi importante na Península Ibérica. Está orixinada pola colisión da placa Eurasiática e da placa Africana e leva a formación dos Perineos e a elevación das Cordilleiras Béticas . Na Galiza foi menos importante, pero da orixe a :
- **Etapas do modelado actual. Etapas do cuaternario.** No cuaternario o que domina é o modelado do relevo. Os ríos, o mar e os glaciares ou as condicións periglaciares actuando sobre as rochas existentes van configurando a Galiza actual.

5. **O Macizo Ibérico ou Hespérico.** Estrutúrase a partir dunha zona axial constituída pola zona Centro Ibérica cabalgada pola zona Galiza-Tras-os Montes e flanqueada ao E e NE pola zona e cantábrica , e ao SW polas de Osa Morena e Sur portuguesa . Galicia está comprendida de cheo na zona Centroibérica, na zona Galiza-Tras- os -Montes e na zona Asturoccidental. **A Cadea Hercínica Europea**, a cal pertence o Macizo Ibérico, forma parte dun gran cinto montañoso que con 1000 km de ancho e 8.000 km de longo estendiase a finais do paleozoico desde o Cáucaso aos Apalaches na costa este de Estados Unidos. Dita cadea fragmentouse ao comezar o ciclo alpino e actualmente aparecen macizos illados : Macizo Ibérico, Armoricano, Central, Renano...

Nota: o resumo non chega como material de estudo, débese estudar polo **documento de contidos**.